

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a alarma social provocada polo Alcalde o circular carecendo do seguro obrigatorio de circulación durante mais de un ano no seu vehículo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deber de calquera cidadán antes de circular cun vehículo é verificar que cumpre coñ todas as obrigas tanto técnicas como a nivel de seguro. Esta responsabilidade é maior no caso dun cargo público e mais aínda cando é o Alcalde, máxima autoridade municipal e responsable da Policía Local, quen ten entre as súas obrigas cumprir e facer cumprir as leis e as normas de convivencia..

Esa falta de exemplaridade na súa forma de actuar, é todo o contrario á demostrada profesionalidade do axente que procedeu a multalo e contra quen esperamos non se tome ningún tipo de represalias por cumprir co seu traballo.

Por outra banda, as explicacións dadas non son cribles, xa que desde que un se postula como cargo público non existe unha distinción entre vida pública e privada.


A Pobra do Caramiñal

2

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular somete á aprobación do Pleno o seguinte acordo:

Recusar e censurar ao Alcalde pola súa forma de actuar, pola falta de explicacións cribles, e demandarlle que asuma responsabilidades por ambos feitos, circular carecendo de seguro e dar explicacións pouco cribles, comprometéndose a aportar ao Pleno toda a documentación precisa sobre este asunto.

Pobra a 11 de Novembro de 2016.



Manuel M^a Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL